En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22539**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“o cronograma de actuación que está a valorar a Xunta de Galicia para converter a VAP Brión-Noia en autovía, as súas previsións respecto das características técnicas que vai ter e a realización do proxecto e obra, así como os datos referidos aos investimentos que se van levar a cabo e a posibilidade da súa posta en servizo no ano 2022”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A vía de altas prestacións Brión-Noia ten unha lonxitude de 18 quilómetros, que se estenden desde o final da autovía Santiago-Brión (quilómetro 11) ata o final da propia vía de altas prestacións (quilómetro 29).

O pasado 11 de decembro de 2017 licitouse o contrato de servizos para a redacción do proxecto construtivo correspondente á primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Brión-Noia: Conversión en autovía do Corredor CG-1.5, Brión - Noia. Treito I: p.q. 11+000 -21+000. Conta cun orzamento de preto de 253.000 € e un prazo de 18 meses para redactar o proxecto construtivo, incluído o trámite de información pública. As características técnicas, tendo en conta que se trata de executar un desdoblamento, virán definidas polo trazado actual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27825
Data envío: 13/03/2018 15:04:22.185

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/03/2018 15:04:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22572**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da oferta por Renfe na actualidade dun servizo integral de ferrocarril para Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación co transporte ferroviario da provincia de Pontevedra e as súas conexións coa Coruña, Ourense e Madrid”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Coa incorporación das novas infraestruturas en abril de 2015, o número de usuarios no Eixe Atlántico ferroviario foise incrementando ano a ano, o que demostra a boa acollida deste servizo por parte daqueles.

Do mesmo xeito, desde ese ano, o 2015, o número de conexións entre Pontevedra e Vilagarcía de Arousa e Ourense melloraron, oscilando entre 15 e 21 servicios ao día.

Con todo, e a pesar de que se trata dunha competencia estatal, desde a Xunta de Galicia seguírase a traballar no eido das súas competencias, demandando que se continúe coa mellora dos servizos e a oferta de bonos ao ritmo que as demandas e as necesidades dos cidadáns o requiran.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28280
Data envío: 21/03/2018 15:33:56.242

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:33:51



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22856**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao expediente, tramitación e execución do proxecto construtivo denominado “Acondicionamento da LU-710 p.q. 0+000-4+500-”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas ten detectado a necesidade de acondicionar a estrada LU-710 no seu tramo inicial, comprendido entre o p.q. 0+000 (na localidade de Baralla) e o p.q. 4+500 (próximo ao enlace coa A-6). En concreto, e principalmente, no relativo ao ensanche da plataforma existente e as modificacións do trazado en curvas ou en rasante.

Co fin de dar resposta a esta necesidade, o 8 de agosto de 2017 adxudicouse o contrato para a redacción do proxecto construtivo: Acondicionamento da LU-710 p.q. 0+000- 4+500, de clave LU/17/103.10, por un importe de 21.659,00 € (IVE incluído).

Os datos relativos a este contrato publicáronse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 8.1.a, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e o artigo 13.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A data de hoxe continúan os traballos de redacción do dito proxecto construtivo. Estes traballos consisten, en síntese, na reformulación do anterior proxecto Acondicionamento da estrada LU-710. Treito Baralla (p.q. 0+000) – Enlace A-6 (p.q. 4+500) para adaptalo a un ancho de plataforma que permita compatibilizar a actuación cunha orografía moi complicada, de maneira que a súa execución resulte viable.

Logo de finalizar a redacción do documento presentaráselle ao Concello de Baralla co fin de que poida realizar as observacións e manifestacións que estime convenientes. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27824
Data envío: 13/03/2018 15:03:59.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/03/2018 15:03:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23163**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas diferencias que existen nos prezos da Liña de transporte ferroviario Avant Ourense-Santiago-A Coruña, a súa opinión referida á garantía dos dereitos das persoas usuarias, a incidencia que ten nelas a frecuencia horaria actual, así como as restricións de uso dos bonos vixentes e as demandas realizadas ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 26283, sobre o mesmo asunto (o transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña) e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 22 de marzo de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28451
Data envío: 26/03/2018 09:21:05.801

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 9:20:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23842**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias que se veñen producindo na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta mantén unha atención permanente sobre o funcionamento deste servizo ferroviario e tenlle trasladado ao Ministerio de Fomento e á propia operadora Renfe a necesidade de garantir que os veciños das comarcas de Ferrol, Ortegal e A Mariña teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

O 8 de maio do pasado ano celebrouse unha xuntanza entre representantes da Xunta, Renfe e os concellos destas comarcas para abordar a situación desta liña ferroviaria, a situación dos seus servizos e as actuacións a levar a cabo para a súa mellora. A raíz desta xuntanza, Renfe presentou un plan de actuación que foi trasladado aos distintos concellos e que supón investimentos por importe de preto de 4 millóns de euros.

Ademais, acordouse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos concellos, de Renfe e do propio Goberno galego que celebrou a súa primeira xuntanza o pasado mes de decembro.

Esa reunión serviu para propor melloras no mantemento da infraestrutura e limpeza de andéns, estacións e vías, así como para que os concellos trasladasen as súas demandas en relacións con modificacións de horarios. Unha vez revisadas esas propostas, o obxectivo é

sometelas á consideración de todas as partes nunha próxima xuntanza dese grupo de traballo, reunión que a Xunta xa ten solicitado, e que se convocará en breve.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28279
Data envío: 21/03/2018 15:33:47.461

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:33:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24076**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do peche da escola unitaria de Pedroso no CRA de Narón, a súa posición en relación coa creación nela dunha liña de Primaria para permitir o seu mantemento, así como a súas intencións no referido á proposta formulada pola Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Para determinar as unidades e os postos de traballo de profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas nos centros docentes públicos, incluídas os colexios rurais agrupados, séguense estritamente as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo dos centros públicos, fixadas no acordo asinado pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

Calquera actuación nesta materia respecta as ditas normas xerais e aplícase atendendo aos datos de matrícula dos respectivos centros educativos, segundo constan rexistrados en XADE (xestión administrativa da educación).

No presente caso, unha vez rematado o proceso de admisión de alumnado para o curso 2017/18, e sen prexuízo das posibles incorporacións que se poidan producir fóra de prazo, por traslados, etc., o CRA de Narón está catalogado pola Orde do 6 de xullo de 2017 (DOG núm. 141, do 26 de xullo) no curso 2017/18 cun total de 7 unidades de educación infantil e 3 unidade de educación primaria, e a seguinte distribución:

Narón: 3 unidades de educación infantil.

O Val: 2 unidades de educación infantil e 3 de educación primaria.

Pedroso: 1 unidade de educación infantil.

Sedes: 1 unidade de educación infantil.

Concretamente no edificio sito en Pedroso (As Congostas) figura o seguinte número de alumnos/as de educación infantil:

2017/18 Educación infantil

4 ° 5° 6°

Alumnado 0 1 8

En canto a dotación docente (segundo o catálogo), o CRA dispón dun total de 17 profesores: 9 de infantil; 3 de primaria; 1 filoloxía inglesa; 1, de educación musical; 1 de educación física; 1 de pedagogía terapéutica; e 1 orientador.

Na actualidade, na aula do Pedroso hai un grupo mixto de educación infantil integrado por un alumno de 5 e 8 alumnos de 6º, cunha dotación docente adecuada e suficiente para garantir a calidade da educación que reciben.

Polo tanto, contestando as cuestións formuladas, puntualizar, que nun sentido estrito non estamos ante a escola unitaria do Pedroso, senón ante unha unidade de educación infantil que forma parte do CRA de Narón.

Ademais, non hai ningunha intención previa de pechar esta aula, nin ningunha outra aula nin centro, as modificacións que se producen no número de unidades educativas é o resultado da necesaria adaptación ao número de alumnos que haxa que escolarizar.

En canto ao que sucederá no curso 2019/20, dicir que cando remate o proceso de admisión de alumnado, á vista dos datos de matrícula, na orde anual que adoita publicarse no mes de xullo ou agosto, adoptaranse, de ser o caso, as modificacións das unidades e dos postos de traballo docentes que correspondan, de acordo coas normas xerais de catálogo e como se fai en calquera outro caso.



Ademais, para aplicar estas normas xerais hai que ter en conta que un CRA é un único centro, con unidades de educación infantil e primaria en distintas localidades, e que en función das circunstancias concretas, valorarase no seu momento a solución máis adecuada para garantir a correcta escolarización do alumnado.

A importancia que se lle atribúe ás escolas unitarias, aos centros rurais agrupados e á educación de calidade no medio rural, ponse de manifesto no o criterio seguido pola Administración educativa no período 2009/10 – 2017/18, isto é, manter abertas todas as escolas que contén con seis (6) alumnos matriculados, considerando un número menor inadecuado incluso pedagoxicamente, nunha clara aposta da Xunta polo ensino no ámbito rural e por manter os centros docentes no entorno dos rapaces e contribuír dende o eido educativo ao arraigo da poboación no medio rural.

Na Subdirección Xeral de Centros, responsable neste eido, non se ten constancia da recepción da proposta da que se fala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28278
Data envío: 21/03/2018 15:33:35.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:33:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24190**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as condicións da cesión á Xunta de Galicia da Casa Gótica situada na rúa da Cerca, en Betanzos e as razóns da súa elección entre os primeiros para seren rehabilitados, entre os dez que posúe a Consellería de Infraestruturas e Vivenda no casco histórico da vila”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O inmovible ao que se fai referencia na iniciativa foi cedido ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a título gratuito. O Instituto Galego da Vivenda e Solo é o propietario único do dito inmovible, que se está a rehabilitar e no que se obterán 2 vivendas e 1 local comercial.

A día de hoxe están licitadas ou contratadas as obras de rehabilitación de todos os inmovibles que son propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo en Betanzos, salvo os tres situados na rúa Cortaduría, que se prevén licitar proximamente.

Ademais, a Xunta destinará 500.000 euros á adquisición de novos inmovibles no conxunto histórico de Betanzos para a súa posterior rehabilitación no marco do programa Rexurbe, para o que o 12 de xaneiro realizou unha oferta pública de adquisición á que se poden presentar ofertas ata o 22 de abril”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27823
Data envío: 13/03/2018 15:03:49.591

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/03/2018 15:03:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias que se veñen producindo na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta mantén unha atención permanente sobre o funcionamento deste servizo ferroviario e tenlle trasladado ao Ministerio de Fomento e á propia operadora Renfe a necesidade de garantir que os veciños das comarcas de Ferrol, Ortegal e A Mariña teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

O 8 de maio do pasado ano celebrouse unha xuntanza entre representantes da Xunta, Renfe e os concellos destas comarcas para abordar a situación desta liña ferroviaria, a situación dos seus servizos e as actuacións a levar a cabo para a súa mellora. A raíz desta xuntanza, Renfe presentou un plan de actuación que foi trasladado aos distintos concellos e que supón investimentos por importe de preto de 4 millóns de euros.

Ademais, acordouse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos concellos, de Renfe e do propio Goberno galego que celebrou a súa primeira xuntanza o pasado mes de decembro.

Esa reunión serviu para propor melloras no mantemento da infraestrutura e limpeza de andéns, estacións e vías, así como para que os concellos trasladasen as súas demandas en relacións con modificacións de horarios. Unha vez revisadas esas propostas, o obxectivo é

sometelas á consideración de todas as partes nunha próxima xuntanza dese grupo de traballo, reunión que a Xunta xa ten solicitado, e que se convocará en breve.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28277
Data envío: 21/03/2018 15:33:25.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:33:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24413**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río, S.L. na parroquia de Santa María Maior, no concello de Mondoñedo, as denuncias da veciñanza referidas aos prexuízos que lles está a causar e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 24414 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2017 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-03-15?part=91dfb694-d31b-4a40-b295-8d3a42d28104&start=4454> .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28276
Data envío: 21/03/2018 15:33:12.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:33:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24425**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o calendario concreto previsto polo Goberno galego para a adxudicación das liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, os procedementos de participación que vai desenvolver e as actuacións que vai levar a cabo en relación coas competencias outras administracións para a coordinacións dos servizos, así como as súas intencións respecto da continuación co modelo anunciado e a achega dalgún novo financiamento adicional**”, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 12 de febreiro publicouse no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o anuncio da licitación do ‘Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia – Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes, cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. OT4 PI04.05. OE04.05.01’. Similar anuncio ao que, de acordo coa normativa vixente, se publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 16 de febreiro.

Este traballo divide Galicia en cinco zonas de estudo nas que se avaliará con rigoroso detalle as necesidades actuais e futuras da poboación. As zonas non coinciden con límites administrativos, senón con áreas de influencia na organización do transporte. A estas cinco zonas hai que engadir unha sexta que programará as liñas de percorrido interzonal ou de longo percorrido.

Nestes pregos recóllese a programación e os plans a levar a cabo. Neste sentido, está prevista a realización de enquisas e entrevistas en cada un dos concellos de Galicia. Entrevistas ás que se lles confire en todo o prego unha especial relevancia.

Ademais levarase a cabo un proceso de participación pública para que calquera Administración, colectivo ou particular poida facer as achegas ao novo Plan Transporte Público de Galicia que considere oportunas, co obxectivo de acadar un documento útil para satisfacer as necesidades destes servizos nas próximas décadas.

Con esta accións, estase a cumprir as etapas necesarias para que Galicia dispoña do novo mapa concesional a finais do ano 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28275
Data envío: 21/03/2018 15:33:00.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:55



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24429**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proceso para a contratación de novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada coas garantías necesarias e, se é o caso, o estado de tramitación das reclamacións presentadas”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada (tanto das adxudicadas a mediados de 2017 como das adxudicadas a principios de 2018), foi realizado con todas as garantías necesarias e respectando escrupulosamente o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública.

Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto.

Logo de analizar as alegacións presentadas, a Administración redactou os correspondentes proxectos de explotación dos servizos.

O procedemento non só respecta plenamente as previsións, tanto da normativa comunitaria como da normativa interna de aplicación, senón que incluso se constitúe cun carácter máis participativo do que estas normas prevén.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28274
Data envío: 21/03/2018 15:32:49.117

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24431**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e dona María Luisa Pierres López, sobre **“o desenvolvemento dalgún proceso de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, con anterioridade ao levado a cabo para a contratación de novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, a incidencia que vai ter este nese concello e, se é o caso, o estado de tramitación das reclamacións presentadas”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos ‘XG516: Lugo-Lalín-Pontevedra-Vigo, con anexos’ e ‘XG517: A Coruña-Santiago de Compostela-Pontevedra-Vigo-Fisterra, con anexos’ adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Este procedemento garante tanto a posibilidade de que calquera interesado poida participar durante a tramitación dos proxectos de explotación, como que as empresas interesadas poidan concorrer á formulación de ofertas para a súa prestación. Polo tanto, trátase dun procedemento que non só respecta plenamente as previsións, tanto da normativa comunitaria como da normativa interna de aplicación, senón que incluso se constitúe cun carácter máis participativo do que estas normas prevén.

A través desta participación recibíronse diferentes alegacións, entre elas, as do Concello de Santiago de Compostela. Con base no anterior, redactáronse os proxectos de explotación, que unha vez adxudicados non só manteñen as relacións de tráfico preexistentes, senón que as incrementaron alí onde era posible.

Neste mesmo sentido, os novos contratos garanten a participación dos seus contratistas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, consolidando aínda máis a continuidade das vantaxes que este supón para as persoas usuarias.

Finalmente, cómpre agardar que logo da implantación levada a cabo o 12 de febreiro, se disporá dunha ampla información referente á demanda de cada unha das expedicións, o que facilitará igualmente o avance nos próximos traballos de planificación que se desenvolverán nos próximos meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28273
Data envío: 21/03/2018 15:32:35.570

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24618**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“os criterios seguidos para a concesión das axudas convocadas, para o ano 2017, para o fomento do emprego a través de programas de cooperación no eido das entidades sen ánimo de lucro, as razóns da demora na súa resolución, así como dos recortes levados a cabo nas destinadas ás asociacións que traballan na integración laboral das persoas con síndrome de Down e a data prevista para a súa convocatoria para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As cuestións relativas ás políticas activas de emprego e nomeadamente aos programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, foron atendidas na intervención da secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 25393 que tivo lugar na sesión do 9 de marzo de 2018 da Comisión 5º de Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-03-09?part=3e96477d-1cb3-46fd-99cd-fa3c861d689f&start=6278>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28272
Data envío: 21/03/2018 15:32:26.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24672**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencia producidas o día 29 de xaneiro de 2017 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta mantén unha atención permanente sobre o funcionamento deste servizo ferroviario e tenlle trasladado ao Ministerio de Fomento e á propia operadora Renfe a necesidade de garantir que os veciños das comarcas de Ferrol, Ortegal e A Mariña teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

O 8 de maio do pasado ano celebrouse unha xuntanza entre representantes da Xunta, Renfe e os concellos destas comarcas para abordar a situación desta liña ferroviaria, a situación dos seus servizos e as actuacións a levar a cabo para a súa mellora. A raíz desta xuntanza, Renfe presentou un plan de actuación que foi trasladado aos distintos concellos e que supón investimentos por importe de preto de 4 millóns de euros.

Ademais, acordouse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos concellos, de Renfe e do propio Goberno galego que celebrou a súa primeira xuntanza o pasado mes de decembro.

Esa reunión serviu para propor melloras no mantemento da infraestrutura e limpeza de andéns, estacións e vías, así como para que os concellos trasladasen as súas demandas en relacións con modificacións de horarios. Unha vez revisadas esas propostas, o obxectivo é

sometelas á consideración de todas as partes nunha próxima xuntanza dese grupo de traballo, reunión que a Xunta xa ten solicitado, e que se convocará en breve.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28271
Data envío: 21/03/2018 15:32:16.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25168**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez , sobre **“a situación actual do proxecto de construción dunha redonda na intercesión da estrada PO-552, Tui-A Guarda, coa estrada PO-350 que comunica con Pexegueiro e Tebra, no concello de Tomiño, o calendario de actuacións e a data prevista para a súa posta en servizo”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, puntos quilométricos 58+300 a 61+400 e 68+500 a 69+900, ten por obxecto mellorar a seguridade viaria en varios treitos da PO-552 que presentan un carácter periurbano ou de travesía, con edificacións dispersas nas marxes, así como numerosas incorporacións e interseccións ao longo do percorrido.

As actuacións desenvolveranse no tramo comprendido entre a glorieta do acceso a Figueiró e a parroquia de Sobrada. Tamén incluírán, aínda que está fóra dos tramos cualificados como treitos de concentración de accidentes, unha mellora da intersección existente na PO-350 no punto quilométrico 71+000.

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no Diario Oficial de Galicia do 12 de xaneiro de 2018 o trámite de información pública deste proxecto. O prazo para presentar alegacións rematou o pasado 23 de febreiro. Nestes momentos estanse a avaliar as ditas

alegacións para a aprobación do trámite de información pública e a posterior aprobación definitiva do trazado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28270
Data envío: 21/03/2018 15:32:07.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:32:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25323**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o protocolo que está a aplicar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en situacións de alerta meteorolóxica por neve e xeadas para determinar o mantemento ou suspensión da actividade dos centros de ensino”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Protocolo interno de actuación ante fenómenos meteorolóxicos adversos foi posto en coñecemento do Consello da Xunta de Galicia o 10/02/2011.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non deriva ‘nas empresas de transporte a decisión última de recoller ou non o alumnado’, nin tampouco deriva ‘nas dirección dos centros a súa abertura ou suspensión das aulas’.

Tales decisións son adoptadas pola Comisión de Alertas cando a información meteorolóxica dispoñible así o esixe. Non obstante, o protocolo vixente dota ás direccións dos centros e ás empresas transportistas da capacidade suficiente para adoptar inmediatamente determinadas medidas de seguridade naquelas localidades nas que a evolución posterior do fenómeno provoque un empeoramento das condicións que poida comprometer a seguridade do alumnado e do profesorado do centro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:19
Nº Rexistro: 28470
Data envío: 26/03/2018 11:19:49.144

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 11:19:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25394**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“Sobre as razóns do Goberno galego para demorar no ano 2017, en relación con outros anos, a publicación da orde de axudas do programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro para o fomento do emprego das persoas mozas, os criterios seguidos para a adxudicación destas axudas e as súas razóns para diminuír a contía da concedida á asociación Down Galicia e as súas entidades asociadas, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención da secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 25393 que tivo lugar na sesión do 9 de marzo de 2018 da Comisión 5º de Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-03-09?part=3e96477d-1cb3-46fd-99cd-fa3c861d689f&start=6278> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27822
Data envío: 13/03/2018 15:03:33.403

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/03/2018 15:03:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25411**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para arranxar as deficiencias e carencias que presenta en materia de infraestruturas e de persoal o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.03.2018- polo Conselleiro de Sanidade, ao darlle resposta á pregunta 23557, sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 8cc46ab9-cab8-2410-b575-abbe20051037

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 28384
Data envío: 22/03/2018 17:55:37.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/03/2018 17:55:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á realización dunha análise da viabilidade de crear un enlace directo entre a autovía Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección Camariñas, as súas conclusión e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia licitou o 31 de marzo de 2017 o contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo da ‘Primeira fase da prolongación da Autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC432’. O contrato adxudicouse o 24 de xullo de 2017 por un importe de 118.800,30 € (IVE incluído), atopándose a día de hoxe en redacción.

En canto á posible incorporación dun enlace co polígono industrial de Vimianzo en dirección a Camariñas, a data de hoxe estanse a elaborar as conclusións da análise de viabilidade da dita incorporación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28269
Data envío: 21/03/2018 15:31:58,241

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:31:53

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25654**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 14.03.2018- pola directora xeral de Patrimonio Natural ao darlle resposta á pregunta 25655 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28268
Data envío: 21/03/2018 15:31:49.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:31:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego destinadas á mellora da rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 22.03.2018- polo director de Augas de Galicia ao darlle resposta á pregunta 25862 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2718ffb3-f4e2-4716-4f18-253a996779b8

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 13:05
Nº Rexistro: 28488
Data envío: 26/03/2018 13:05:51.591

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 13:05:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25944**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez, sobre **“as razóns da demora da Adif na reparación dos danos causados a consecuencia das obras do AVE nas estradas do concello ourensán de Taboadela e as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio de Fomento ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano administrativo da Xunta de Galicia encargado de xestionar integramente toda a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (RAEGA). En concreto, polo concello de Taboadela transcorre a estrada OU-320, de titularidade autonómica. Ata o momento nesta estrada non se materializaron riscos contra a seguridade viaria orixinados polas obras de construción do AVE. Tampouco se ten constancia de danos por esta causa, de maneira que, a data de hoxe, a OU-320 atópase nun estado de conservación axeitado.

Sinalar tamén que co obxecto de garantir a viabilidade da rede e evitar problemas de seguridade viaria ás persoas usuarias da vía, a Axencia Galega de Infraestruturas realiza as operacións ordinarias de conservación e mantemento da rede autonómica a través do contrato de conservación ordinaria de estradas da provincia de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28267
Data envío: 21/03/2018 15:31:40.538

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:31:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26267**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as actuacións levadas a cabo e as previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuío asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no ano 2016, organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: Curso titulado -A endometriose- e o Curso titulado -Muller e saúde-.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro -O experto responde- sobre este tema.

A -Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)- está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade, tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión del Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión: baixo o punto -Fomento da Investigación sobre endometriose-."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 28383
Data envío: 22/03/2018 17:55:24.776

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/03/2018 17:55:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26535**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do desbordamento dunha das balsas relacionadas coa mina de cobre de Touro, as medidas adoptadas para protexer os recursos medioambientais afectados por esas balsas, así como para evitar a súa afección no futuro e a posibilidade de garantir na actualidade o bo estado dos recursos hídricos”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 26803 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2017 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-03-15?part=91dfb694-d31b-4a40-b295-8d3a42d28104&start=6738.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-03-15?part=91dfb694-d31b-4a40-b295-8d3a42d28104&start=6738)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28265
Data envío: 21/03/2018 15:31:20.725

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:31:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28448

Data envío: 26/03/2018 09:09:49.813

Data 26/03/2018 09:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26554**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego e de Portos de Galicia en relación coa actuación de mellora levada a cabo na rúa Fernández Albor e a súa continuación ata o Paseo dos Areos na Pobra do Caramiñal, así como a situación de inseguridade viaria existente na zona de aparcamento no recheo portuario, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 16.03.2018- ao darlle resposta á pregunta 26553, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5662bd35-dfa6-8cc1-c3c4-8414e93e1ce2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28448
Data envío: 26/03/2018 09:09:49.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 9:09:41




RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26663**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Martilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago, ao seu paso polo concello do Pino”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“As incidencias detectadas no concello do Pino dentro das actuacións que se están a realizar de ‘CONSERVACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CAMIÑO FRANCÉS’ son as seguintes.

1. SITUACIÓN.

Con respecto ás obras relacionadas co Concello do Pino, sitúanse no Camiño Francés ao seu paso por dito concello.



Concello do Pino

2. ESTADO ACTUAL

CONCELLO DO PINO

INCIDENCIA 1. INEXISTENCIA DE PASOS INFERIORES NOS CRUCES DO CAMIÑO DE SANTIAGO (CAMIÑO FRANCÉS) COA N-547, OBRA COMPROMETIDA POR FOMENTO E QUE LEVA VARIOS ANOS DE ATRASO, O QUE SUPÓN A EXISTENCIA DUN PERIGO MOI IMPORTANTE PARA TODOS OS PEREGRINOS QUE PASAN POLO CONCELLO DO PINO.

A Axencia Galega de Turismo a través do contrato de 'CONSERVACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO AO SEU PASO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CAMIÑO FRANCÉS', realiza a inspección e inventario dos cruces das estradas nacionais e da nosa comunidade que se atopan sen sinalizar ou mal sinalizados co fin de colocar unha nova sinalización ou modificar a existente para mellorar a seguridade viaria nos Camiños de Santiago.

O Ministerio de Fomento ten elaborados, consonte o acordado na Comisión de Seguridade dos Camiños de Santiago en Galicia, promovida pola Delegación do Goberno en Galicia, a creación de seis pasos inferiores para garantir a seguridade dos peregrinos nos seguinte lugares da N 547 nos termos municipais do Pino (A Coruña) e Palas de Rei (Lugo).

Lugar	Concellos
PALAS	Palas de Rei
SALCEDA	O Pino
CERCEDA	O Pino
EMPALME	O Pino
STA. IRENE	O Pino
O BURGO	O Pino

Os proxectos de obra xa están realizados e continua a súa tramitación por parte do Ministerio de Fomento.



INCIDENCIA 2. REFORMA DO ALBERGUE, SITO EN PEDROUZO, ARCA (O PINO), ÚLTIMO ALBERGUE, DO CAMIÑO FRANCÉS, ANTES DA CHEGADA A SANTIAGO E DE NULA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.

O albergue de Arca – O Pino, con capacidade para 126 peregrinos, constrúese no ano 1993 e ten polo tanto 25 anos de antigüidade; situado a carón da estrada nacional N-547 á súa entrada no núcleo de Arca, concello do Pino. Trátase dunha construción de nova planta nun solar aproximadamente rectangular con forte pendente que vai desde a estrada, detrás da antiga oficina de correos cara ao nacente. É o último albergue da rede pública antes de Santiago de Compostela, despois da incorporación do Camiño Norte e Primitivo en Arzúa e Melide, respectivamente, polo que ten unha afluencia significativa de peregrinos, o que provoca un esgotamento máis rápido da vida útil dos materiais que conforman o edificio.

A edificación de planta rectangular distribúese en tres plantas: planta baixa (421,05m²) cos servizos básicos de acceso, sala, cociña, zona adaptada, dous dormitorios múltiples e aseos, un dormitorio dobre; planta alta (388,11m²) con dous dormitorios múltiples, dous dormitorios dobres e servizos hixiénicos sanitarios; e planta semisoto (167,40m²) sen uso.

O albergue de Arca (O Pino) conta con habitacións e baños adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Outras Deficiencias sinaladas na pregunta:

Deficiencia 1. Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) ao longo dos aproximadamente 1500 Km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, a seguridade do camiño ben instalando sinalización de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.

Estas actuacións necesitan autorización da Dirección Xeral de Patrimonio dado que en todo caso, a sinalización de turismo adáptase á delimitación oficial.

Deficiencia 2. Deficiencia na sinalización do Camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo a mellora da sinalización dos camiños mediante a retirada das mouteiras en mal estado e colocando o modelo homologado de mouteira en todos os camiños, a retirada de cunchas e frechas en mal estado e fóra de situación polos novos modelos homologados.

Deficiencia 3. Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos

Deficiencia 4. Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional

Contestando a ambas as dúas preguntas, investíronse 100.000€ nas obras de accesibilidade integral. Remataron a inicios deste ano 2018.

Deficiencia 5. Na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta

Todos os albergues da rede pública contan con wifi libre e aberta para os usuarios; a calidade da conectividade varía en función da zona territorial na que se sitúe o albergue.

Deficiencia 6. Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

As fontes públicas son unha competencia municipal.

Deficiencia 7. Animais abandonados en tramos do camiño.

Esta é unha competencia municipal.

Deficiencia 8. Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados

Turismo de Galicia promove unha acción promocional conxunta de Galicia e do Camiño de Santiago nas diversas feiras que participa e na edición de folletos e outros materiais. As Mesas



do Camiño que se realizan coas Deputacións e concellos de Pontevedra, Lugo e Ourense son o lugar axeitado para traballar neste ámbito promocional, e en breve así se fará coa Deputación da Coruña tras a xuntanza mantida o pasado mes de febreiro.

Deficiencia 9. Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

Turismo de Galicia traballa xunto con esta Consellería en varias iniciativas a prol do Camiño e a súa promoción, destacando o recentemente convocado Cultura no Camiño.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28264
Data envío: 21/03/2018 15:31:11.835

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:31:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26700**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación e conflito laboral do persoal do servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as actuacións levadas a cabo ou previstas para intermediar na súa resolución, así como as que está a aplicar para garantir o cumprimento pola empresa adxudicataria das condicións do contrato”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 15.03.2018- polo xerente do Sergas, ao darlle resposta á pregunta 26701, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 47c6e189-ffb0-bff1-2e84-2ced19e04263

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28447
Data envío: 26/03/2018 09:09:14.172

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 9:08:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26816**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a situación e estado actual da obra de Acisclo Manzano titulada María Pita en Azul, así como a existencia de inventario, con localización precisa, das distintas obras de arte radicadas no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento no que se constatou a desaparición da obra de Acisclo Manzano titulada ‘María Pita en Azul’, procedeuse a realizar as investigacións oportunas e a denunciar os feitos mediante denuncia na Comisaría de Policía da Coruña

O inventario das obras de arte da EOXI da Coruña coas súas localizacións é o seguinte:

Hospital Universitario A Coruña

1. ‘Vista de Riazor’. Juan Martínez de la Colina 1994. Sala de espera. Planta 11^a
2. ‘Soplo de vida o Anunciación Profana’. 1993. Felipe Criado. Sala de espera Planta 10^a
3. ‘La vida y el mar’. 1990. Xaime Quessada. Vestíbulo. Planta 9^a.
4. ‘A Coruña desde Oza’, 2011. Peteiro. Sala de espera Planta 8^a
5. ‘Vestigio’. Jose Luis Martínez 1995. Sala de espera. Planta 6^a
6. Escultura. ‘La Canaleja’. Margara Hernández. 1997. Vestíbulo. Planta 4^a
7. ‘Opera Bufo’. Rafael Ubeda. 1998. Salón de Actos. Planta 4^a.
8. Golfo Ártabro. 2.002. Xaime Cabanas. Vestíbulo planta 4^a

9. Escultura 'Heroína en azul'. 1990. Acisclo Manzano. Vestíbulo. Planta baixa*.

Hotel de Pacientes

10. 'Baño de Luz' Jose Seijo Rubio 1928. Despacho de Xerencia. Planta baixa.

11. 'Abstracto'. Alfonso Abelenda 1996. Vestíbulo. Planta baixa.

Hospital Teresa Herrera

12. 'Maternidad' Javier Correa Corredoira.1984. Vestíbulo. Planta Baixa

13. Escultura.'Maternidade' Soledad Peralta.1987. Vestíbulo. Planta Baixa

Hospital Marítimo de Oza

14. Escultura .Ferreiro 1996. Vestíbulo. Planta Baixa

15. Mural.Chelin.1996. Techo de marquesina de acceso. Planta baixa.

16. 'Naufragio' Jaime Cabanas.1995. Vestíbulo. Planta 1ª

17. 'Alegoría de Oza y el Fletan' 1995 Xoti de Luis. Vestíbulo. Planta 2ª

18. Escultura: Vigía. Soledad Penalta. 1994. Planta baixa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28262
Data envío: 21/03/2018 15:30:48,382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:30:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27042**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa redución do número de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2018-2019 e a súa opinión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.03.2018- polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta á interpelación 27038 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b03a8ab2-50f9-3c89-2a28-063d8a669147

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 13:05
Nº Rexistro: 28487
Data envío: 26/03/2018 13:05:38.091

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 13:05:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27188**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego respecto das situacións denunciadas en relación con Centro Penitenciario de Teixeiro no informe publicado polo Comité Europeo para a Prevención da Tortura, así como as recomendacións reflectidas nel e o prazo previsto para a realización das xestións necesarias para a transferencia a Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da hepatitis C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición dos centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da hepatitis C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.

Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con hepatitis C crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28261
Data envío: 21/03/2018 15:13:55.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/03/2018 15:13:32



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27683**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios**”, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.03.2018- polo Conselleiro de Sanidade, ao darlle resposta á pregunta 27774, sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ba6bb147-a739-d0a0-7a88-767f7d57e699

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:54
Nº Rexistro: 28377
Data envío: 22/03/2018 17:54:45.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/03/2018 17:54:41



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para buscar unha saída ao conflito laboral do persoal do servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e os mecanismos que está a empregar para o seguimento do cumprimento do prego de condicións do contrato, así como para avaliar a estimación do seu custo económico”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 15.03.2018- polo xerente do Sergas, ao darlle resposta á pregunta 26701, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:54
Nº Rexistro: 28374
Data envío: 22/03/2018 17:54:26.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/03/2018 17:54:05



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727